



Pleno:30/06/2015

Páxina:5/de9

notificacións cos membros da Corporación faranse preferentemente por vía telemática e SMSs ao correo e teléfono facilitado.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS E OUTRAS INDEMNIZACIÓNS

Preséntase a consideración do Pleno proposta da Alcaldía sobre dedicacións e outras indemnizacións, que vén informada pola Intervención Municipal. Consta proposta de emenda presentada polo grupo municipal de Betanzos Novo.

- O Sr alcalde pon de manifesto a existencia dunha emenda á proposta, realizada por Betanzos Novo, que considera coñecida por todos, sinalando que o grupo propoñente non a admite.

- O Sr. Muiño Naveira, voceiro de CxG, sinala que, unha vez analizada a emenda, nunca se presentaron problemas en orde ás remuneracións, limitándose a unha cuestión de cifras da que quere coñecer a argumentación antes de tomar unha postura, entendendo que non se trata de salarios desmesurados.

- O Sr del Río, voceiro do BNG, entende que se deben establecer uns salarios dignos, dubidando que neste tema estean os problemas da corrupción. Considera que 3.000,- € brutos ao mes é máis que suficiente, polo que se pode apoiar a emenda, se ben o que hai que facer é comprometerse a reducir gastos innecesarios que non redundan en ningún beneficio. En relación ás indemnizacións aos grupos políticos, estes deben ter uns medios mínimos para poder informar aos veciños, debendo ser os seus gastos controlados, non entendendo que se incrementa ese gasto, xa que se debería repartir o que hai. En canto ás indemnizacións da Xunta de Goberno, non se opón ás súas convocatorias, pero non comprende que sexan distintas as contías. En xeral, pide que haxa transparencia, debéndose publicar o que cobran todos, debéndose demostrar o cambio nas formas, podéndose admitir a asistencia de todos os membros da Corporación á Xunta de Goberno Local, o que xunto coa publicación das súas actas sería garantía de transparencia.

- O Sr. Pérez Novo, voceiro de BN, sinala, en relación á emenda presentada, que as contías se axustan ao tope legal, se ben indica que en todas as corporacións en que gobernan mareas se van reducir, demostrando así unha sensibilidade cara ás maiorías sociais que están en situación de empobrecemento, indicando a media das cidades da provincia, entendendo que sen merma da dignidade do posto, propoñen reducir a retribución da Alcaldía de 3.411,- € a 3.000,- mensuais, ao igual que nas dedicacións exclusivas, que pasarían de 2.704,- a 2.500,- €. En segundo lugar a emenda propón un límite aos concelleiros sen dedicación de 1.000,- €, xa que sen tal límite poderían darse situacións contraditorias. Por último, en relación á asignación dos grupos políticos, entende que o aumento de grupos políticos non estaba previsto no presuposto, como sinala a interventora, polo que debe reducirse a 700,- € por grupo. En canto á proposta no seu conxunto considera que suporía un aforro de 23.000,- € que se poderían destinar a programas sociais.

- O Sr. Rodríguez Prieto, voceiro do PP, entende que non se acepta a emenda, sinalando que a proposta sobre a Alcaldía é superior ao que parece que vai cobrar o alcalde da Coruña, sendo igual na comparativa cos concelleiros. Entende que a proposta é igual á



Pleno:30/06/2015

Páxina:6/de9

existente, sobre a que xa se abstiveran, sinalando que incluso se deberían ampliar as dedicacións, como no caso da delegación de servizos sociais dada a súa transcendencia, anque sexa decisión do grupo de goberno.

- O Sr. Vázquez Lorenzo, voceiro do PSdeG-PSOE, indica que á marxe das opinións, as retribucións son iguais que as anteriores, están axustadas e por debaixo do permitido pola lei, estando as comisións estipuladas e manténdolas como estaban, considerando por iso a proposta axustada ao que se vén facendo non últimos oito anos.

- O Sr. Muiño Naveira comprende as razóns expostas, facendo fincapé no gasto de grupos políticos, que se deberá xustificar co seu traballo, non entendendo a súa merma en cando favorece á poboación. Está de acordo con outras partes da emenda pero ao votarse en conxunto vaise abster.

- O Sr del Río considera que a cuestión non é se se está de acordo coa lei ou non, entende que as contías propostas permiten facer política con dignidade, sinalando que neste momento os veciños non entenden un incremento do gasto, polo que non o comparte, en canto xa dixo que apoiaba a emenda, polo que se vai abster na proposta.

- O Sr. Pérez Novo reitera que non se trata dunha cuestión de legalidade, xa que el fala de sensibilidade, atendendo a razóns políticas e sociais, polo que está a favor dun salario digno dentro da media das tres cidades máis grandes, o que sería un bo sinal de comezo. En canto ao gasto dos grupos non dubida do seu bo uso, pero supón un aumento que vai requirir un incremento da partida presupostaria, incrementando o gasto, polo que reitera a súa proposta.

- O Sr. Rodríguez Prieto sinala que as asignacións aos grupos se manteñen, non habendo aumento, o que hai é un grupo máis, mantendo tamén o resto das indemnizacións, polo que coherentemente manterán a mesma postura que no 2011.

- O Sr alcalde aclara que nas dedicacións exclusivas non se chega ao tope legal, que as reunións da Xunta de Goberno están taxadas, sendo a delimitación das cantidades as mesmas que antes, non habendo incremento, anque si global ao haber un grupo máis.

Sometido o asunto a votación o Pleno, co voto a favor de sete dos concelleiros presentes (Sres/as.: García, Barral, Fernández, Vázquez, Carneiro, Veiga, Teijo -do PSOE-), o voto en contra doutros dous concelleiros (Sres.: Pérez, Vales -de BN-), e a abstención dos outros oito concelleiros presentes (Sres/as.: Rodríguez, Tomé, Iglesias, Seijo, Ascariz, Vázquez -do PP-, Sr.: del Río -do BNG-, e Sr.: Muiño -de CxG-), acorda: Establecer o sistema de retribucións dos compoñentes da Corporación que se entende deban prestar os seus servizos con dedicación á mesma do xeito seguinte: **1º.- Dedicacións exclusivas:** - Alcalde: 3.441,26 € mensuais brutos, máis dúas pagas extraordinarias anuais do mesmo importe que unha mensualidade. - Concelleiro delegado de formación e emprego, persoal e réxime interior, tráfico e seguridade, festas, economía e servizos. - Concelleiro delegado de urbanismo e casco histórico, infraestruturas e medio ambiente, transportes e contratación. Que percibirán, cada un, unha contía de 2.704 € mensuais brutos, máis dúas pagas extraordinarias anuais do mesmo importe que unha mensualidade. **2º.- Indemnizacións:** Os Concelleiros que non ostenten dedicación percibirán indemnización por asistencia ás sesións, nas contías seguintes, que se expresan en termos brutos e sobre os que se deberán realizar os descontos oportunos: **Pleno:** - Ordinario: 235,00 € - Extraordinario: 58,75 € **XGL:** -



Pleno: 30/06/2015

Páxina: 7/de 9

Deliberante: 152,75 € - Decisoria: 117,50 € - Extraordinaria: 94,00 € Nos supostos de coincidencia a horas de mañá ou tarde de máis de unha sesión, percibirase da segunda sesión só o 50% da contía correspondente á súa indemnización. 3º.- Os grupos políticos percibirán unha asignación fixa mensual de 750,00 €, aos que se engadirán 50,00 € por cada concelleiro con que contén. Desta dotación deberase levar contabilidade específica, que se poñerá a disposición do Pleno sempre que este o pida, cumprindo o disposto no artigo 73 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS

Preséntase a consideración do Pleno proposta da Alcaldía sobre creación de comisións informativas. Constan propostas de emenda presentadas polos grupos municipais de Compromiso por Galicia e de Betanzos Novo.

- O Sr alcalde, en relación ás emendas presentadas, entende que son practicamente iguais, aceptándose a primeira delas por unha cuestión temporal.

- O Sr. Muiño Naveira, voceiro de CxG, sinala que as propostas de emenda son practicamente as mesmas, sendo a cuestión a transparencia e a súa aplicación, para que se informe e sexa coñecida toda a actuación, sobre todo no económico, sendo o importante da comisión abrir as decisións municipais a toda a cidadanía, facendo chegar á xente o traballo municipal, de forma que se vexa o que se fai e como.

- O Sr del Río, voceiro do BNG, indica que lle parecen ben as propostas, pero a cuestión é que as comisións valla para algo, xa que algunha, no anterior mandato, non chegou nin a convocarse. En relación á comisión do Complejo San Roque, sinala que se suprime a súa finalidade de investigación cando aínda non rematou as súas funcións, sendo o lóxico mantela, sinalando outras comisións que nunca funcionaron, como a de desafuzamentos, polo que non sabe se agora servirán para algo. En canto á xunta de voceiros, está de acordo sempre que os veciños se enteren do que nela se faga e non sexa só actividade de despacho. Anuncia a súa postura de abstención.

- O Sr. Pérez Novo, voceiro de BN, considera que a emenda que presentaron é máis ampla en canto se define de participación e transparencia. Está de acordo en que as comisións non solucionan nada, sendo a lei a que obriga a adaptarse ás novas medidas de transparencia na primeira quincena de decembro, cando aínda non se fixo nada, pretendendo o acceso dos cidadáns á información, debéndose empezar a publicar xa na páxina web por propia iniciativa do grupo de goberno. Indica que a emenda quere ir máis alá, en canto a incidir na mellora democrática coa elaboración dun novo regulamento de participación cidadá que permita aos veciños participar nos procesos de decisión.

- O Sr. Rodríguez Prieto, voceiro do PP, indica non teren problema en aceptar calquera das emendas, xa que hai unha lei de transparencia que debe de cumprirse e o obxectivo das dúas emendas é a maior información. Coincide no sinalado sobre as comisións, esperando que agora se convoquen e teñan continuidade.

- O Sr. Vázquez Lorenzo, voceiro do PSdeG-PSOE, considera a proposta adecuada ao momento actual, sen prexuízo de que en calquera momento se poidan crear outras comisións